

Axúdame a expresarme!

Materiais e actividades

Montessori para o
desenvolvemento da
expresión oral

O papel da persoa adulta

- Falar ás nenas/os directamente.
- Falar claro e despacio.
- Empregar vocabulario válido e significativo, sen diminutivos innecesarios, sen filtros subxectivos nin imaxinativos (animismo, por exemplo).
- Modelar a linguaxe correcta, expoñelos ás diversidades, ofrecerlles riqueza lingüística.
- Dar ao neno certo tempo para procesar a información.
- Dar resposta aos intentos de falar da/o nena/o, sen rirnos, e motivar toda as formas de expresión ofrecendo resposta, asentindo, repetindo, etc
- Non correxir, senón simplemente usar a palabra de forma correcta.
- Fomentar a expresión oral e a adquisición de vocabulario en todas as actividades da nosa rutina. Ideas:
 - Cando son bebés, empregar un cambiador no que a persoa adulta se sitúe de fronte á nena/o para favorecer a visión dos movementos da boca ao falarlle.
 - Na cociña: vocabulario de alimentos, ferramentas, sabores, texturas, formas, etc
 - De paseo, nas viaxes en medios de transporte ou mirando pola ventá da casa, aproveitar para describir o que vemos.
- Respetar as quendas de palabra, aprender a non interrompírnos.
- “Truco da man” para solicitar atención e quedar en espera.

A lección de 3 períodos para a aprendizaxe de vocabulario

1. **Asociar:** nomear o obxecto de xeito illado. CHAVE- PORCA- PASADOR
2. **Recoñecer:** a/o nena/o recoñece o obxecto e o manipula como resposta ás preguntas que a persoa adulta fai a modo de xogo: *poderías pasarme a chave, por favor? Agora leva a porca á mesiña de madeira. Pon o pasador ao lado da alfombra, etc* debemos estender esta fase o tempo que dure a concentración da/o nena/o.

3. **Recordar:** para finalizar a persoa adulta pregunta á nena/o polo nome de cada obxecto con preguntas tipo: *que é isto?* Esta fase non se emprega moi a miúdo na etapa dos primeiros tres anos de vida porque pode que aínda non saiban falar ben ou non queiran dicir as palabras. Nese caso podemos substituílo por preguntas tipo *Cal deberíamos devolver primeiro á cesta?* Para comezar a recoller, e conformarnos con que sinalen ou collan algún obxecto.

Materiais e actividades para nenas/os 0-3 que podemos facer en contexto non escolar

- **Obxectos reais:** Ofrecen maior información sensorial que outros materiais e sempre lles daremos prioridade. Podemos ofrecer o vocabulario na medida que os obxectos van aparecendo na nosa rutina ou podemos crear cestas ou bandexas cunha pequena selección deles e aplicar a L3P (3 a 5 obxectos para as/os máis pequenas/os, 5 a 7 para as/os máis maiores).
- **Replicas:** especialmente usados para vocabulario sobre cousas que non podemos traer á casa ou á escola en realidade. Mesmo uso que o anterior.
- **Tarxetas con obxectos idénticos:** non o empregamos exactamente para enriquecer o vocabulario senón para ofrecer a idea de que os obxectos reais poden trasladarse á imaxe, representados en dúas dimensións.
- **Tarxetas con obxectos similares:** axuda a interiorizar a idea da xeralización, mostrando diversidade dentro do mesmo obxecto. Empregamos o artigo indeterminado.
- **Tarxetas de vocabulario:** comezamos empregando imaxes de cousas coñecidas polo neno/a, do seu contorno, cando xa entende ben que o que vemos nas tarxetas son representacións de cousas que realmente existen. Pouco a pouco imos ofrecendo vocabulario de cousas menos coñecidas.
- **Libros:** existe unha progresión que é recomendable seguir, dende libros con só imaxes illadas, imaxes en contexto, imaxe máis palabra, frase pequena, etc e deben ser algo incluído na rutina diaria dos nenos/as.

- **Linguaxe rítmica:** cancións, rimas, poemas..son importantes ferramentas para o desenvolvemento da linguaxe, incentivan as repeticións e ofrecen numerosos beneficios para o desenvolvemento.
- **Expresión persoal:** existen certas pautas para incentivar a expresión oral do neno/a. Baixar ao seu nivel para falar, establecer contacto visual, axustar o volume de voz, esaxerar un pouco a nosa expresión facial mostrando interés no seu discurso, preguntar de forma que a resposta non sexa si ou non e non corrixir a linguaxe, entre outros.
- **Preguntas.**

Materiais e actividades 3-6 que podemos facer en contexto non escolar

- **Enriquecemento de vocabulario:** tarxetas, obxectos, libros, imaxes enmarcadas, ofrecer moito vocabulario de forma oral.
- **Análise de sons:** actividades coas que pretendemos analizar os sons que compoñen as palabras. Comenzamos facendo fincapé no son inicial e podemos continuar co final, sons intermedios, ata rematar “desmenuzando” a palabra completa. Hai diferentes actividades que podemos empregar deste xeito:
 - Cesta de miniaturas.
 - Veo-veo.
 - Trae-leva.
- **Xogos de preguntas:** os xogos de preguntas serven para incentivar a linguaxe oral e a expresión persoal e tamén para incluír diferentes formas do verbo: persoa, tempo, etc. *Quen foi á praia? Eu fun á praia!*

Nota: as cuestións relativas á lectoescritura é recomendable tratalas coa tutora escolar das/os pequena/os para establecer pautas similares no ambiente escolar e o familiar.

RECURSOS DE INTERESE:

Páxinas de interese

- AMI (información sobre formacións oficiais, artigos, etc)

<http://ami-global.org/>

- The Montessori Guide (videos que mostran o traballo nas aulas Montessori)

<http://montessoriguide.org/>

Blogues con información de interese, relevante e ben fundamentada.

En castelán.

- Tigriteando <http://tigriteando.com/>
- Montessori en casa <http://www.montessoriencasa.es/>

Noutras linguas:

- The Montessori Notebook de Simone Davies, guía AMI cun importante centro parent-infant e formación en Ámsterdam.

<http://www.themontessorinotebook.com/>

- Eltern vom mars (en alemán, pero paga a pena!) artigos dunha familia que aplica Montessori na crianza.

<http://www.elternvommars.com/>

- Páxinas de de Susan Mayclin Stephenson, formadora AMI.

<http://www.michaelolaf.net/> e <http://michaelolaf.com/>

- The Kavanaugh report, familia que aplica Montessori na crianza.

<http://www.thekavanaughreport.com/>

- Midwest Montessori, guía en proceso de formación; familia que escolariza na casa co método Montessori.

<http://midwestmontessori.tumblr.com/>

Páxinas de facebook ás que botarlles un ollo

- Liliium Montessori centrum pre rodinu (Eslovaquia) escola con moitas fotos do traballo na aula <https://www.facebook.com/liliiummontessori/?fref=ts>
- Bell and ribbon. Difusión de actividades Montessori 0-3 por guías AMI

<https://www.facebook.com/bellandribbon/?fref=ts>

Centros Montessori en Galicia

- Galicia Montessoti (Bertamiráns) Comunidade Infantil e Casa de Nenos. Extraescolares. Formación para familias e formación de guía e asistente AMI 3-6

<http://www.galiciamontessori.com/>

- Montessori Compostela (Santiago de Compostela) Casa de Nenos e Taller (primaria) homologado pola Xunta.

<http://montessoricompostela.org/>

- Eleven School (Vigo) Colexio británico Montessori de 0 a 12 anos, prevista ampliación a secundaria.

<https://elevenschool.com/>

- A Gándara (Gondomar) escola de pedagogía activa con liña Montessori.

<https://espaciogandara.wordpress.com/>

- Rachachán. Pedagogía Montessori (Pontevedra) Grupos Montessori 0-3. Formación.

Proxectos de dinamización comunitaria para a divulgación da educación Montessori .

<http://www.rachachan.com/>

IMPARTE